



## Publicidade



(<http://benourense.depourense.es/trenbalnearios/>)

# eco

REVISTA DO EIXO ATLÁNTICO

LUNS, 10 DE OUTUBRO DE 2016

[◀ ATRÁS](#) (INDEX.PHP) · [ACTUALIDADE](#) (MAIS-NOTICIAS.PHP) · [A GUÍA DE ECO](#) (GUIA.PHP) · [SUBSCRICIÓN](#) (SUSCRIPCION.PHP) · [CONTACTO](#) (CONTACTO.PHP)

## A pé de obra

✎ REDACCIÓN · ⌚ PUBLICADO O 10 DE OUTUBRO DE 2016 · 💬 (0)

Os 40 alumnos do Plan Inicia GERENCIARYS - posgrao da UDC que organiza a Catédra Fundación Inade-UDC- realizaron **unha clase práctica visitando os centros industriais de FINSA e FEIRACO en Santiago e Ames**. Os responsables do departamento de Xerencia de Riscos de cada un dos centros produtivos explicaron a súa organización e funcionamento.

Tamén amosáronlles a composición dos programas de seguros e **falaron das súas experiencias de colaboración tanto con corredores como con compañías de seguros.** Houbo tempo para facer visitas de inspección de riscos ás plantas da madeira e a leiteira.



**Andrés Castro, responsable do Departamento de Xestión de Riscos de FINSA,** dixo na viista do pasado venres que "tentamos dar unha visión acerca dun programa de seguros internacional, multidisciplinar e con especial atención ao risco de impacto na actividade da empresa, amosando a aplicación práctica das coberturas contratadas. No noso departamento consideramos que o contrato de seguro é o último elo da cadea na xestión de risco". A continuación os alumnos trasladáronse ao **centro produtivo de FEIRACO, a cooperativa de gandeiros fundada en 1968 e onde o presidente, José Severino Montes,** puxo de manifesto que traballan por ser "unha empresa e cooperativa segura, evitando riscos, pero pensando na sustentabilidade".

Con estas actividades búscase ofrecer aos alumnos unha perspectiva real e próxima e preparalos para o que poderá ser unha das súas saídas laborais no futuro, posto que o obxectivo do curso é formalos para que contén coas competencias necesarias no desempeño de alta